



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
EN DATA 31 DE MAIO DE 2016.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día trinta e un de maio de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

**Non asiste D. Miguel A. Español Otero**

**Asiste como Secretaria a do Concello D<sup>a</sup>. Julia M<sup>a</sup>. Carrasco Glez.-Alegre.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

**PUNTO 1.- INSTANCIAS**

---

Dase conta do escrito RE 3.333 de data 30 de maio de 2016, presentado por DNA. M<sup>a</sup> DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA - CONCELLEIRA NON ADSCRITA, solicitando a retirada dos restos dos bolardos de pedra que quedan na rúa entre a rúa Baiona e transversal Troncoso.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se fará en canto sexa posible.

Dase conta do escrito RE 3.093 de data 18 de maio de 2016, presentado por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO ALAMEDA, con enderezo na rúa Rosalía de Castro, nº 1 da Guarda, entregando copia do escrito dirixido á Asociación O Cancelón ( Organizadora das Festas do Monte) solicitando o cambio na ubicación das orquestras nas citadas Festas do Monte.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se está estudando mellorar a ubicación.

Lese o escrito RE 3.209 de data 23 de maio de 2016, presentado polo CPR PLURILINGÜE PP. SOMASCOS - FUNDACIÓN EDUCERE, con enderezo na rúa Pacífico Rodríguez, nº 6 da Guarda, solicitando a realización dunhas charlas informativas dentro do programa "O teu concello" dirixidas ós alumnos de 4º da ESO nas áreas da OMIX e de emprego e desenvolvemento local.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado aínda que terá que poñerse en contacto coa concelleira de Educación para organizalo.



**C O N C E L L O**  
**A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 3.249 de data 25 de maio de 2016, presentado por ACIGU - C.C.A. , con enderezo social en rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4 de A Guarda, solicitando autorización para a celebración dunha feira OUTLET o vindeiro día 4 de xuño de 2016.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 3.248 de data 25 de maio de 2016, presentado por ACIGU - C.C.A. , con enderezo social na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4 da Guarda, solicitando o peche ó tráfico das rúas Joaquín Alonso e Vicente Sobrino o vindeiro día 4 de xuño de 2016 para a celebración dunha feira OUTLET.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito RE 3.059 de data 16 de maio de 2016, presentado polas Comunidades de Montes de Salcidos, A Guarda e Camposancos, solicitando a colaboración do Concello da Guarda para a realización da 1ª Festa Castrexa o vindeiro día 24 de xuño de 2016 no Campo de Chans. Dita colaboración consiste en:

- Un escenario para o concerto
- 10 colectores de lixo
- Cisterna de auga
- 30 vallas
- Indicativos de parking e outras sinalizacións.
- Colaboración Policía Local e Protección Civil.
- Motoniveladora e cilindro para acondicionamento do campo e fútbol de Chans.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o escenario non está dispoñible e respecto das outras solicitudes:

- Levaranse os colectores de lixo que estean dispoñibles.
- Levarase unha cisterna ou un bidón
- Levaranse as vallas que estean dispoñibles
- Para as distintas sinalizacións deberán poñerse en contacto coa Policía Local.
- Acceder á colaboración da Policía Local e de Protección Civil.

Lese o escrito RE 2.396 de data 19 de abril de 2016, presentado por ASOCIACIÓN A VELHA NA HORTA, con enderezo social en Punte Xenete, s/n da Guarda, solicitando autorización para a celebración da noite das fogueiras o día 24 de xuño, que inclúe:

- Peche da rúa
- Colocación de palco diante do centro social
- Realización dunha fogueira na area ó lado da Atalaia.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e recórdalle ós solicitantes que deben pasar pola Policía Local para asinar o permiso.



**C O N C E L L O**  
**A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 3.311 de data 27 de maio de 2016, presentado por COMISIÓN DE FESTAS DE VIRXE DO CARME, solicitando permiso para levar a cabo as tiradas de fogos de artificio previstas para os días 7, 15 e 16 de xullo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado sen perxuízo de outras autorizacións sectoriais.

Lese o escrito RE 3.185 de data 23 de maio de 2016, presentado por COMISIÓN DE FESTAS DE SAN ANTONIO, solicitando permiso para levar a cabo as tiradas de fogos de artificio revistas para os días 10, 13, 18 E 19 de xuño.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado sen perxuízo de outras autorizacións sectoriais.

Lese o escrito RE 3.223 de data 24 de maio de 2016, presentado por D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE - VOCEIRO DO BNG DA GUARDA, solicitando o arranxo do enlousado en mal estado na rúa Ignacio Sobrino.

A Xunta de Goberno Local acorda arranxalo a maior brevidade posible.

Dase conta do escrito RE 3.252 de data 25 de maio de 2016, presentado por D<sup>a</sup>. LUCIA GIL ESPAÑOL, con enderezo na rúa Ramón Franco, nº 19-1<sup>º</sup>D do Rosal, solicitando a colocación dun contenedor de lixo que retiraron ó lado da rotonda de San Roque.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o servizo de recollida de lixo se lle ven prestando de igual xeito, que dispón de contenedores a menos de 30 metros de distancia e que se están reubicando para unha mellor xestión.

Lese o escrito RE 3.322 de data 27 de maio de 2016, presentado por QUATTRO IDCP, S.L.U., con domicilio social na rúa Avda. do Pasaxe, nº 43 de A Coruña (CP 15006), solicitando autorización para realizar un reparto a pé de rúa dun folleto publicitario de R Cable e Telecomunicacións de Galicia os vindeiros días 11 e 25 de xuño.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.911 de data 29 de marzo de 2016, presentado pola COMISIÓN DE FESTAS DA VIRXE DO CARME, solicitando autorización para celebrar un campionato de fútbol no campo de fútbol municipal da Sangriña o día 12 de xuño.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder á solicitado condicionado a:

1. Que non se dispute nesa data ningún partido de carácter oficial por parte de clubs deportivos da localidade.
2. Que a organización do evento se responsabilice
  - Da limpeza dos vestiarios empregados no campionato e das gradas ó finalizar o mesmo.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

- De facer cumprir as normas xerais de uso destas instalacións (evitar o consumo de pipas, prohibición de fumar nos banquiños...)

Lese o escrito RE 3.101 de data 18 de maio de 2016, presentado por JOSE CARLOS REBOLLAR PORTELA, actuando en representación da Peña Celtista da Guarda, solicitando autorización para celebrar un campus de verán de fútbol da Fundación Celta no campo de fútbol municipal da Sangriña entre os días 18 e 22 de xullo (ambos inclusive).

A Xunta de Goberno Local acorda acceder á solicitado condicionado a:

3. Que non se dispute nesa data ningún partido de carácter oficial por parte de clubs deportivos da localidade.
4. Que a organización do evento se responsabilice
  - Da limpeza dos vestiarios empregados no campionato e das gradas ó finalizar o mesmo.
  - De facer cumprir as normas xerais de uso destas instalacións (evitar o consumo de pipas, prohibición de fumar nos banquiños...)

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 11 de maio de 2016 comunicando a sentenza ditada o 28 de abril de 2016 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 288/15 entablado por D. José Manuel Renda Alvarez contra o Decreto de 26 de agosto de 2015 do Alcalde da Guarda desestimatorio do recurso de reposición deducido contra decreto de 20.05.2015 que ordeaba ó recurrente á demolición dunha cadea existente no número 24 da rúa 3ª Transv. Cruz, suxeita entre dúas paredes da súa propiedade, e no centro por un ferro empotrado en cemento, con cartel con lenda "Propiedad Privada" e impuña unha sanción pecuniaria de 6.001,00 euros.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza do 28 de abril de 2016 na que se anula o decreto de 26 de agosto de 2015 e o anterior de 20 de maio de 2015 no apartado no que se decide impoñer unha multa pecuniaria de 6.001,00 euros o Sr. Renda Alvarez, e dara traslado da mesma ós departamentos de tesourería e Xestión Tributaria a fin de comproben o estado no que se atopa a recadación da sanción anulada, procedendo a paralizar o procedemento recadatorio e á devolución do ingresado se fora o caso.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **PUNTO 2.- SUBVENCÍONS**

---

Vista a Orde do 21 de abril de 2016 pola que aproban as bases que rexen as subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016 e se procede a súa convocatoria, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo ACORDA solicitar subvención ó abeiro desta Orde.

Vistas as bases reguladoras do Plan Termal “DEPOTERMAL 2016” aprobadas pola Deputación Provincial de Pontevedra, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA adherirse o plan “DEPOTERMAL 216”.

### **PUNTO 3.- ASUNTOS URBANÍSTICOS**

---

#### **3.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES**

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 8.348/2015.- D. MANUEL SOBRINO ALONSO, PARA REPARAR A CUBERTA DA EDIFICACIÓN NUNHA SUPERFICIE DE 30,00 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA DO PAIS EXISTENTE E COLOCAR URALITA E TELLA NOVA DO PAIS, SITA NA RÚA DE BARREIRA N<sup>o</sup>. 39, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “O CASTRO” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 341/2016.- D. JOSÉ MANUEL RAMOS AMANDI, PARA REFORMA DE BAÑO CONSISTENTE EN CAMBIO DE ALICATADOS DE AZULEXO EN 12 M<sup>2</sup>., PISO DE PLAQUETA EN 4,00 M<sup>2</sup>., PINTURA, COLOCACIÓN DE VENTÁ LACADO EN BLANCO, PORTA DE PASO INTERIOR PARA BAÑO, COLOCACIÓN DE PLATO DE DUCHA DE 90X90 E INSTALACIÓN DE FONTANERÍA, SITO NA RÚA DE MALTESES N<sup>o</sup>. 81-2<sup>o</sup>, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.078/2016.- D. ELIAS GONZÁLEZ LOMBA, PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA MARQUESIÑA ABERTA POR TRES DOS SEUS LADOS E CON CUBERTA DE FIBROCEMENTO E TELLA DO PAIS NUNHA SUPERFICIE DE 23,85 M<sup>2</sup>. E UNHA ALTURA DE 3,00 MTS., SITA NA RÚA DE 4<sup>o</sup> TRV. CORUTO VELLO (PARCELA N<sup>o</sup>. 67 DO POLÍGONO N<sup>o</sup>. 27), EN SOLO URBANO (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.741/2016.- D. JESÚS CRESPO ÁLVAREZ, PARA FORMACIÓN DE MURO DE BLOQUES DE FORMIGÓN CONTRA LINDEIRO NUNHA LONXITUDE DE 12,00 MTS. E UNHA ALTURA DE 1,25 MTS. (PARCELA N<sup>o</sup>. 160-POLÍGONO N<sup>o</sup>. 27) SITA NA RÚA DE 2<sup>o</sup> TRANSVERSAL DE CORUTO VELLO N<sup>o</sup>. 39, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 7 DO P.X.O.U.).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 1.878/2016.- D. FLORINDO RODRÍGUEZ LOMBA, PARA REPARAR MURO DE PECHE LATERAL CONTRA LINDEIRO SUR (PARCELA Nº. 135-POLÍGONO Nº. 13) SITA NA RÚA DE TRANSVERSAL A CAPILLA Nº. 5, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.931/2016.- D. ANTONIO BAZ LOMBA, PARA REPARAR TUBERÍA DE SANEAMENTO, REALIZAR SOLEIRA DE FORMIGÓN E COLOCACIÓN DE PLAQUETA NUNHA SUPERFICIE DE 20,00 M<sup>2</sup>. NO BAIXO DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE BAIXO MURO Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.149/2016.- D. VICENTE PORTELA BAZ, PARA PECHE DE (PARCELAS 180, 181, 195, 196, 197 E 198 DO POLÍGONO Nº. 33) NUNHA LONXITUDE DE 68,00 MTS. LINEAIS, REALIZADO CON PEDRA DE MAMPOSTERÍA A UNHA ALTURA DE 0,90 MTS. E MALLA DE TORSIÓN DE ALTURA 0,90 MTS., SITO NO CAMIÑO DE BRANDIÁN, EN SOLO NON URBANIZABLE COMÚN (ORDENANZA Nº. 8 DO P.X.O.U.).

### **3.2.- PRORROGA DE OBRAS**

---

Lese o escrito RE 3.263 de data 25 de maio de 2016, presentado por D. AMÉRICO GOMEZ RODRIGUEZ, con enderezo na rúa Pozas, nº 21 da Guarda, solicitando prórroga de obras á licenza de obras 19/2015.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle unha prórroga de obras á licenza 19/2015 por 3 anos.

### **3.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras de adaptación de locais:

EXPEDIENTE: 568/2016.- 2016 HOGAR, S.L. RPRS. POR D. JIANKANG YE, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE "BAZAR CHINO" SITO NO LUGAR DE AS CACHADAS, S/N., EN SOLO URBANO INDUSTRIAL (ORDENANZA Nº. 6 DO P.X.O.U.).

### **3.4.- PROXECTO DE EXECUCIÓN**

---

Lese o escrito RE 3.259 de data 25 de maio de 2016, presentado por D. AMÉRICO GOMEZ RODRIGUEZ, con enderezo na rúa Pozas, nº 21 da Guarda, solicitando a aprobación do proxecto de execución da construción de vivenda unifamiliar sita na rúa Pozas 1, visado o 20.05.2016 que conta con licenza municipal de obras nº 19/2015.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 26 de maio de 2016, acorda acceder ó solicitado.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**PUNTO 4.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES.**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 2.800/2016. D. EDUARDO DIZ DE SOUSA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE CAFÉ-BAR [EPIG. 673.2] A REALIZAR NA RÚA JOAQUIN ALONSO, Nº 7-BAIXO QUE ANTES FIGURABA A NOME DE TRATÉVERE, C.B. A GUARDA.

EXPEDIENTE: 1.622/2016. D. JOSÉ COELLO VICENTE, EN REPRESENTACIÓN DE CAMPING SANTA TECLA, S.L.U., DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE CAMPING 1ª CATEGORÍA [EPIG. 687.2] A REALIZAR NA RÚA BAIXADA Ó RIO MIÑO, Nº 90 - A XUNQUEIRA QUE ANTES FIGURABA A NOME DE JUAN JOSE PINO VICENTE.

*Sendo as nove horas e cincuenta minutos do día da data, e non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.*